

INSTRUCCIÓN SOBRE A REGULACIÓN DE USO DE
VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL (VMP)
CONCELLO DA CORUÑA .

INSTRUCCIÓN SOBRE A REGULACIÓN DE USO DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL (VMP) NO CONCELLO DA CORUÑA .-

PREÁMBULO:

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade, ante a recente aparición e proliferación de novos medios de mobilidade e transporte no ámbito preferentemente urbano, e tendo en conta a falta dunha regulación específica deste tipo de aparellos na normativa estatal, considerou conveniente a elaboración dunha instrución municipal que regule as condicións de utilización e circulación dos mesmos.

Este tipo de aparellos clasificáronse como vehículos baixo a denominación de Vehículos de Mobilidade Persoal (VMP) ou Vehículos de Mobilidade Urbana (VMU). A finalidade da súa regulación non é outra que favorecer a seguridade viaria e garantir que a súa circulación se realice dunha forma regulada e segura, facéndoa compatible cos diferentes usos da vía pública, especialmente no ámbito das beirarrúas e zonas peonís.

Trátase de establecer as condicións da utilización dos Vehículos de Mobilidade Persoal (VMP), conforme á obrigaçión de dilixencia e precaución necesarias que deben cumprir as persoas que os manexan, coa finalidade de evitar danos propios e/ou alleos, ademais das condicións da súa circulación para garantir a seguridade viaria nas vías públicas no seu termo municipal e facer compatible o seu uso co resto das persoas usuarias e/ou vehículos das vías públicas. En definitiva, preténdese ordenar e compatibilizar a súa circulación nos espazos públicos urbanos.

O interese público por satisfacer coas debidas garantías os diferentes intereses privados xustifica que o Concello da Coruña promova unha regulación do uso destes vehículos no seu termo municipal e de maneira provisional ata tanto en canto non exista unha normativa de rango superior.

En orde ao cumprimento dos principios de técnica normativa regulados no título VI da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o artigo 128.1 recoñece aos entes locais o exercicio da potestade regulamentaria, sen prexuízo de axustarse ao principio de xerarquía normativa. Así mesmo, o artigo 129 obriga ás Administracións Públicas a actuar de acordo cos principios de boa regulación, onde quedará suficientemente xustificada a adecuación do texto normativo a eses principios, que non son outros que necesidade e

eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, eficiencia e estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no caso de que a iniciativa normativa afecte os gastos ou ingresos presentes ou futuros.

É por iso que, en uso da facultade que lle confire a letra b) do artigo 7 do Texto Refundido da Lei de circulación, vehículos de motor e seguridade viaria, aprobada por Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, redactouse a presente Instrución, reguladora da utilización desta clase de vehículos polas vías urbanas da cidade, facendo compatible a súa utilización e uso cos dereitos do resto de usuarios, de maneira prioritaria os referidos aos peóns e ao uso peonil das vías públicas.

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1º.- Obxecto.

1. É obxecto da presente Instrución a regulación das condicións de circulación e estacionamento dos Vehículos de Mobilidade Persoal (en diante VMP), tamén coñecidos como Vehículos de Mobilidade Urbana (VMU) no termo municipal da Coruña.
2. Quedan excluídos desta regulación:
 - a. Os vehículos destinados exclusivamente a ser utilizados por persoas con mobilidade reducida. Terán a consideración de peóns, conforme á normativa vixente, as persoas que transiten con cadeiras impulsadas a motor eléctrico ou “ scooter” eléctrico, debendo cumprir coas obrigas establecidas.
 - b. Os ciclos de máis de dúas rodas con ou sen motor.
 - c. Aqueles incluídos dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) Nº 168/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2013, relativo á homologación dos vehículos de dous ou tres rodas e os cuatriciclos, e á vixilancia do mercado dos devanditos vehículos.

Artigo 2º.- Definición.

Os VMP poden definirse como vehículo dunha ou máis rodas dotado dunha única praza e propulsado exclusivamente por motores eléctricos que poden proporcionar ao vehículo unha velocidade máxima por deseño igual ou inferior a 25 km/ h.

Só poderán estar equipados cun asento ou sillín se están dotados de sistema de autoequilibrado.

Quedan excluídos desta definición:

- Vehículos sen sistema de auto-equilibrio e con sillín.
- Vehículos concibidos para competición.
- Vehículos para persoas con mobilidade reducida.
- Vehículos cunha tensión de traballo superior a 100 VCC ou 240 VAC.
- Vehículos incluídos no ámbito do Regulamento (UE) N2 168/2013.

Artigo 3º.- Clasificación.

Os VMP clasifícanse en función da altura e dos ángulos perigosos que poidan provocar danos a unha persoa nun atropelo. Defínense como ángulos perigosos aqueles inferiores a 1100 orientados en sentido de avance do VMP, ou verso persoa condutora.

Os VMP, a efectos desta normativa municipal, clasifícanse nos seguintes tipos, en función das súas características técnicas, recollidas no Anexo I da presente Instrución:

1. Tipo A:

Vehículos autoequilibrados (monociclos, plataformas, “ seg- way”) e patinetes de menor tamaño.

Están equipados cun motor eléctrico e a súa capacidade máxima de transporte é dunha praza. Dispoñerán de sistema de freado.

2. Tipo B:

Patinetes eléctricos de maior tamaño. Están equipados cun motor eléctrico e a súa capacidade máxima de transporte é dunha praza. Dispoñerán de sistema de freado e de timbre, luces (dianteira e traseira) e catadióptricos.

Artigo 4º.- Prohibicións.

Os VMP que excedan das características técnicas recollidas no Anexo I da presente Instrución non poderán circular polas vías públicas.

CAPÍTULO II

CONDICIÓN DE UTILIZACIÓN E CIRCULACIÓN.

Artigo 5º.- Condicións xerais circulación.

1. A idade permitida para circular cun VMP polas vías e espazos públicos é de 15 anos. Excepcionalmente permítese a circulación aos menores de 15 anos, unicamente polas vías ciclistas, sempre que vaian acompañados dun adulto e fagan uso dun VMP adecuado á súa idade, altura e peso. En todo caso os menores de 16 anos deberán circular con casco protector.
2. Deberase circular coa dilixencia e precaución necesaria para evitar riscos e/ou danos propios ou alleos, evitando poñer en perigo aos demais usuarios da vía. A persoa condutora debe estar en todo momento en condicións de controlar o seu vehículo. Ao aproximarse a outros usuarios da vía, debe adoptar as precaucións necesarias para non reducir a seguridade viaria, respectando a preferencia de paso dos peóns.
3. Non se pode conducir un VMP utilizando calquera tipo de casco de audio ou auricular conectado a aparellos receptores ou reprodutores de son ou outros dispositivos que diminúan a atención permanente á conducción, así como aparellos de telefonía móbil ou calquera outro sistema de comunicación.
4. Non se pode conducir un VMP con taxas de alcol superiores ás que regulamentariamente se determinen. Tampouco pode facelo o condutor dun VMP con presenza de drogas no organismo, das que se exclúen aquelas substancias que se utilicen baixo prescrición facultativa e cunha finalidade terapéutica, sempre que se estea en condicións de utilizar o VMP. O condutor do VMP estará obrigado a someterse ás probas legalmente establecidas, conforme á normativa vixente, que se practicarán polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.
5. Circularase respectando a preferencia de paso dos peóns.
6. Só está permitido o uso unipersoal do vehículo.
7. Cando circulen pola noite ou en condicións de baixa visibilidade por zona urbana recoméndase que os condutores usen unha peza, chaleco ou bandas

reflectoras. No referente á circulación por vías interurbanas estarase ao que se prevea regulamentariamente.

8. En ningún caso se permitira que os VMP arrastren ou sexan arrastrados por outros vehículos ou persoas, (persoas con patíns, monopatíns...). Ademais, estará prohibido axustarlle accesorios que aumenten a súa capacidade (tipo transportines de animais, remolques, soportes para transporte de mercadorías...)
9. O Concello poderá establecer un rexistro para os Vehículos de Mobilidade Persoal no que constará a marca, modelo e número de bastidor/serie, para os efectos de identificación.

Artículo 6º.- Condicións específicas de circulación.

Ademais das condicións xerais de circulación establecidas no artigo anterior, deberanse cumprir as seguintes condicións específicas de circulación, atendendo ao tipo de vía e de vehículo:

1. Autorízase aos VMP a circular polos carrís-bici, no sentido sinalizado e sen superar a velocidade máxima de 20 km/ h. Autorízase a circulación de VMP por zonas declaradas como “Zona 30” ou “Zona 20”, “Zona 10”, así como nas vías cun único carril de circulación cuxa velocidade máxima permitida estea limitada a 30 km/ h, sempre que nas mesmas non exista vía ciclista e a circulación se produza polo centro da calzada. Non se autoriza a circulación de VMP pola calzada do resto de vías. Para os efectos de determinar o número de carrís por sentido de circulación quedarán excluídos os carrís bus-taxi e aqueles sobre os que exista algún tipo de restrición para algunha das tipoloxías dos usuarios da vía. A velocidade máxima á que poderán circular é de 25 Km/ h. Deberán axustar a súa velocidade á velocidade máxima permitida na vía pola que circulen.
2. Deberán respectar sempre a prioridade dos peóns polas zonas para ese efecto determinadas, e especialmente en itinerarios compartidos onde sempre terá prioridade o peón, así como a sinalización xeral e a normativa sobre tráfico,

circulación e seguridade viaria, e aqueloutra que se puidese establecer expresamente para o efecto polas autoridades municipais.

3. En beirarrúas, paseos destinados a uso peonil e zonas peonís non está permitida a circulación de VMP, fóra daqueles casos e condicións en que sexan asimilables aos aparellos de tracción humana sen motor (monopatíns, patíns e aparellos similares), conforme ás condicións e casos regulados na Ordenanza Municipal de Circulación.
4. Polas rúas e zonas sinalizadas como residenciais poderán circular os VMP conforme ás restricións que impón esa sinalización.
5. Nos itinerarios ciclistas sinalizados como tales en zonas de prioridade peonil (coexistencia), os VMP poderán circular sempre que se cumpran as condicións seguintes: - Respecten a sinalización existente. - Respecten a prioridade de paso dos peóns - A velocidade máxima será de 10 km/ h, adecuándoa en todo caso á maior ou menor presenza de peóns. - Deberán manter unha distancia de seguridade de 1 m. ao pasar ou cruzarse cun peón. - Cando a aglomeración peonil impida pasalos sen deixar unha distancia de polo menos 1 m, o condutor ten a obriga de descender do vehículo e continuar andando. - Deberán manter unha distancia de polo menos 1,8 metros á fachada dos edificios, respectando así o itinerario peonil accesible. - Non realicen manobras, negligentes ou temerarias, que poidan afectar á seguridade dos peóns e dos demais usuarios da vía.
6. Polas sendas- ciclables os VMP poderán circular sen superar a velocidade de 10 km/ h conforme ás normas de prioridade establecidas.
7. Con independencia dos espazos públicos recolleitos neste artigo, o Concello da Coruña poderá prohibir a circulación dos VMP en calquera espazo urbano que, por razóns de interese público, así se determine por resolución municipal da concellería competente na materia.

Artigo 7º.- Obrigas en materia de documentación do vehículo.

Os usuarios destes vehículos deberán portar en todo momento, e mentres se faga uso do mesmo, a documentación técnica, na que conste a marcado CE do produto, emitida polo fabricante ou importador na que consten os datos de identificación do vehículo (marca e modelo, número de serie e/ou bastidor) e as características esenciais dos mesmos (dimensións, peso en baleiro, potencia

e velocidade máxima por deseño), conforme ao establecido na normativa vixente en materia de etiquetaxe e etiquetaxe dos produtos industriais.

Esta documentación poderá ser requirida en calquera momento polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico. Admítese que esta documentación poida ser substituída por algún elemento identificador instalado de serie polo fabricante e colocado de maneira visible e lexible no vehículo, que recolla o contido indicado anteriormente.

O vehículo deberá ser identificable de maneira inequívoca coa documentación, ben pola existencia dun número de serie ou bastidor, ou ben mediante a clara identificación de marca e modelo do mesmo.

Artigo 8º.- Estacionamento.

Os VMP de titularidade privada non comercial poderán estacionarse nos espazos habilitados e destinados ao aparcamento de bicicletas, e igualmente poderán estacionarse nas mesmas condicións que as establecidas para o aparcamento de bicicletas na Ordenanza Municipal de Circulación.

Prohíbese o estacionamento de VMP en beirarrúas e zonas peonís.

Non poderán ser amarrados a elementos de mobiliario urbano, árbores ou sinalización de tráfico. Igualmente non poderán ser estacionados en lugares que obstaculicen ou dificulten o acceso a inmobles ou servizos, en especial o acceso a paradas de transporte público e, en ningún caso, xunto á fachada de edificios ou calquera outro lugar que impida ou dificulte o paso ou utilización do espazo público polos demais usuarios. Tampouco poderán estacionarse en zonas habilitadas de carga e descarga.

Artigo 9º.- Inmovilización, retirada e depósito.

Con independencia da sanción que poida corresponder pola infracción/s cometida/s, procederá a inmovilización, retirada e depósito do vehículo e demais medidas provisionais nos casos previstos na normativa estatal de tráfico e seguridade viaria.

CAPÍTULO III

VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL (VMP) DESTINADOS PARA O EXERCICIO DE
ACTIVIDADES TURÍSTICAS, DE LECER, USO COMPARTIDO E DE REPARTICIÓN DE
MERCADORÍAS.

Artigo 10º.- Actividade de explotación comercial.

1. Os VMP destinados a actividades de explotación comercial, incluídos os sistemas de vehículo compartido e as actividades turísticas, requirirán autorización municipal para o exercicio da actividade, tras a correspondente licitación do servizo.
2. Na autorización estableceranse as condicións do exercicio, entre as que figurarán, en todo caso, o percorrido dos roteiros autorizados, o horario e demais condicións e limitacións que se consideren necesarias para garantir a seguridade das persoas usuarias das vías públicas.
3. O aproveitamento especial do dominio público municipal que supón o arrendamento de bicicletas e VMP sen persoa condutora e sen base fixa estará sometido á previa obtención da correspondente autorización demanial, ben concedida directamente ben previa licitación pública, na que se especificarán as condicións de uso do espazo público e do estacionamento destes vehículos, así como á regulación na Ordenanza fiscal correspondente.
4. A persoa titular da actividade turística ou de lecer e/ou da repartición de mercadorías, velará porque as persoas usuarias dos VMP dispoñan dun nivel de habilidade mínimo que garanta a súa seguridade e a do resto das persoas usuarias da vía. Por iso terá que achegar, entre a documentación que acompañe á solicitude de autorización, declaración responsable na que se comprometa a non permitir o uso dos vehículos de mobilidade persoal a quen se atope baixo os efectos do alcol ou drogas e/ou non dispoñan do nivel de habilidade mínimo que garanta a súa seguridade e a dos demais usuarios da vía. Así mesmo, deberá informar por escrito aos usuarios, dos roteiros autorizados, horarios e condicións da correspondente autorización municipal.
5. Os VMP utilizados e destinados para o exercicio destas actividades deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos e prexuízos a terceiros.

6. Os VMP que se utilicen para o exercicio dunha actividade de explotación económica e comercial, han de estar identificados e poderán estar rexistrados no rexistro que corresponda conforme ao que estableza este Concello e, en todo caso, segundo o disposto na normativa vixente de aplicación.
7. Os VMP destinados ao exercicio dunha actividade de explotación económica ou comercial, cando circulen en grupo, entre outras condicións e limitacións establecidas na correspondente autorización municipal, non poderán superar o número de 10 persoas e sempre estarán acompañados por un/a guía e deberán manter unha distancia entre os grupos de máis de 100 m. Ademais, cando circulen en vías ciclistas, non deberán ocupar toda a anchura da vía nin deterse na mesma de maneira que obstrúan ou dificulten a circulación do resto de usuarios.
8. O exercicio da actividade comercial sen a preceptiva autorización municipal facultará aos axentes da autoridade municipal para a retirada dos VMP das vías públicas.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

Primeira

As accións e omisións contrarias ao disposto na presente Instrución constitúen infracción administrativa, e serán sancionadas nos termos previstos na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

Segunda

A responsabilidade polas infraccións cometidas contra o disposto na presente Instrución, determinarase conforme ao que prevé a lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente normativa municipal estará supeditada, en todo caso, ao establecido para os VMP na normativa europea, nacional e autonómica vixente aplicable á materia.


ANEXO I.

Clasificación e características dos Vehículos de Mobilidade Persoal (VMP).

Clase A: vehículos autoequilibrados

			
<i>1</i>	Monociclo eléctrico	Hoverboard	Segway
<i>Masa</i>	≤ 15 kg	≤ 15 kg	≤ 30 kg
<i>Potencia motor</i>	≤ 500 W	≤ 700 W (2x350 W)	≤ 1000 W
<i>Velocidade</i>	≤ 20 km/h	≤ 20 km/h	≤ 20 km/h
<i>Dimensións (ancho)</i>	≤ 0,20 m	≤ 0,60 m	≤ 0,80 m
<i>Roda</i>	≤ 16"	≤ 6,5"	≤ 16"

Clase B: patinetes eléctricos sin sillín

	<i>Masa</i>	<i>Potencia motor</i>	<i>Velocidade</i>	<i>Dimensións (longo x ancho)</i>
	≤ 15 kg	≤ 250 W	≤ 25 km/h	≤ 1,10 m x 0,60 m